

BASES DA CONVOCATORIA

I CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “RECIMIL EN POSITIVO”. 2016

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA:

A primeira edición deste concurso quere incentivar a participación neste certame cuxa finalidade e promocionar, concienciar e sensibilizar á poboación sobre o gran valor, a potencialidade, a riqueza e a importancia que presenta o barrio de Recimil de Ferrol a tódolos niveis: histórico, arquitectónico, educativo, de promoción económica co mercado e mercadillo, asociacionismo, proximidade a recursos e servizos, facilitador da vida en comunidade, etc.

2.- PARTICIPANTES:

Diferenciaranse dúas categorías de participación:

- 1ª.- Persoas físicas, profesionais ou afeccionados/ as da fotografía en xeral.
- 2ª.- Estudantes dos centros escolares do barrio de Recimil: CEIP Recimil, IES Sofía Casanova e CIFP Ferrolterra.

3.- TEMÁTICA, TÉCNICA E FORMATO:

As fotografías terán como tema a visión positiva do barrio de Recimil e da súa potencialidade como barrio: a distribución arquitectónica, a cobertura educativa, a interxeneracionalidade que convive no barrio, a diversidade cultural, a promoción económica de mercado e mercadillo, etc.

Cada concursante poderá participar cun máximo de dúas fotografías.

As fotografías serán presentadas en papel fotográfico (cor ou branco e negro) e virán montadas en cartón pluma para facilitar a súa exposición, cun único tamaño de A4 (297x210 mm).

As imaxes presentadas serán orixinais e inéditas. Non se admitirán obras que foran presentadas simultaneamente a outros concursos, que foran premiadas con anterioridade, ou que os seus dereitos de autor poidan estar comprometidos con terceiros.

Valoraráanse especialmente as imaxes que non presenten modificacións con inclusión ou eliminación de elementos, as que non mesturen varias fotos ou modifiquen a súa composición orixinal e as que non sexan resultado de fotomontaxes.

4.- PRESENTACIÓN E PLAZOS:

As persoas participantes presentarán a súa proposta nun sobre pechado, indicando no exterior do sobre o/ os título/ s da/ s foto/ s. Ao dorso de cada fotografía deberá constar só o título da mesma para garantir o anonimato da autoría ata que non se resolva a fotografía premiada.

Noutro sobre pechado, indicando no exterior o/ os título/ s da/ s foto/ s, incluírase:

- Ficha de Inscripción cos Datos Persoais (Anexo I)
- Declaración Xurada da autoría das fotografías (Anexo II)
- Fotocopia do DNI
- Documento que conteña unha breve descrición da imaxe, o tipo de cámara que se empregou e o lugar onde foi tomada a fotografía.

A "Ficha de inscrición", pode descargarse a través da web do Concello de Ferrol www.ferrol.es ou recollelo no momento da entrega da obra na oficina de Rexistro Xeral Municipal.

O embalaxe, transporte e seguro da obra, se se contratase, serán realizados polo/ a autor/a ou pola persoa que o represente tanto na entrega como na recollida.

Unha vez entregado o material a concurso a persoa participante non poderá retiralo nin renunciar ao certame antes da emisión do fallo.

As fotografías serán presentadas no Rexistro Xeral do Concello, situado na Praza de Armas, s/n, ou a través dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/92 de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de admisión dos traballos será dende o **15 de abril ata ó 16 de maio** do 2016, ambos inclusive.

5.- XURADO E EXPOSICIÓN

Unha vez expirado o prazo de presentación constituiráse o xurado, que estará formado por:



- A concelleira delegada da Área de Servizos Sociais, ou persoa en quen delegue
- A adxudicataria do Programa de Intervención Socioeducativa e Comunitaria do barrio de Recimil (con voz pero sin voto)
- Tres representantes do tecido asociativo e educativo partícipes do citado Programa.
- Unha persoa expertas na materia (acotar profesionais)
- Un membro de cada grupo político con representación municipal.

Valoraranse aspectos como: visión positiva do barrio, creatividade, orixinalidade, dominio da técnica, mensaxe que se intenta transmitir, ...

A decisión do xurado farase pública na páxina Web do Concello.

As obras presentadas serán expostas no Mercado de Recimil e nas entidades partícipes do Programa Social que así o soliciten (non máis aló de outubro do 2016).

Por motivos xustificados o xurado poderá declarar o concurso como deserto.

6.- PREMIOS:

Os premios serán:

- Dous premios de 200 euros para cada unha das categorías presentadas.
- Accésit para tres fotografías que consistirá na entrega dun Diploma de participación na primeira edición do Premio de fotografía "Recimil en positivo 2016"

A cantidade de 200 euros por categoría será empregada na adquisición de material fotográfico por dita cantidade, en calquera establecemento comercial de Ferrol, que posteriormente presentará a correspondente factura ao Concello de Ferrol (Departamento de Benestar Social)

O acto de entrega dos premios terá lugar no Mercado de Recimil, coincidindo coa inauguración da exposición.

7.- DEVOLUCIÓNS:

Os traballos non seleccionados poderán ser retirados a partir do 1 de outubro. Transcorrido este tempo a organización non se responsabilizará da súa conservación e despois de dous meses pasarán a formar parte do patrimonio da Área de Servizos Sociais , podendo ser empregada por dita Área para fins divulgativos non lucrativos.



Calquera gasto ou xestión que ocasione o envío ou retirada das obras presentadas será por conta do/da concursante.

Tódolas persoas participantes poderán ceder as súas fotografías para futuras actividades da Área de Servizos Sociais, facéndose mención da autoría das mesmas. As persoas interesadas deberán notificalo na ficha de inscrición.

8.- DISPOSICIÓNS FINAIS:

- As inscricións serán gratuítas
- Os traballos premiados, así como o soporte fotográfico (negativo ou dixital, con resolución de impresión) pasará a formar parte do patrimonio da Área de Servizos Sociais do Concello de Ferrol, que se reserva tódolos dereitos sobre elas incluídos os de reprodución e difusión por calquera medio, sen ánimo de lucro.
 - A persoa participante garante que cumpre con tódalas condicións do concurso; así mesmo admite ser inmediatamente descalificado/a se durante o concurso ou incluso despois do fallo do xurado ou da entrega do Premio, tense coñecemento de que algún dos condicionantes indicados nas presentes bases non se cumpre ou calquera das declaracións do/ da concursante é falsa. Se a descalificación se produce en relación á fotografía gañadora, o/ a concursante comprométese a devolvelo premio.
- As persoas participantes responsabilizaranse de que non existan dereitos sobre as imaxes de terceiras persoas, así como de calquera reclamación que poida xurdir sobre as mesmas con relación ós dereitos de imaxe.
- A aceptación destas cláusulas implica a aceptación das presentes bases, estando facultado a Área de Servizos Sociais do Concello de Ferrol para dirimir aqueles aspectos non previstos na presente convocatoria.



FICHA DE INSCRIPCIÓN

NOME E APELIDOS.....

ENDEREZO.....

C.P.....LOCALIDADE.....

PROVINCIA.....Nº TELÉFONO.....

DNI/NIF.....E.MAIL.....

TÍTULO DA FOTOGRAFÍA.....

CATEGORÍA NA QUE SE INSCRIBE:

POBOACIÓN EN XERAL

ESCOLAR DO CEIP RECIMIL, IES SOFÍA CASANOVA OU CIFP FERROLTERRA

DESEXO CEDER AS FOTOGRAFÍAS:

SI

NON

* AUTORIZACIÓN MENORES IDADE:

D./Dna. pai/nai/titor legal do
alumno autorizo ao menor a
participar no I CONCURSO FOTOGRÁFICO "RECIMIL EN POSITIVO".

De acordo co establecido pola Ley Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal, consinto que os datos relacionados sexan engadidos no ficheiro do que é titular Laura Tojo Fernández e poidan ser empregados para as xestións que deriven do Programa de Intervencións Socioeducativa e Comunitaria no barrio de Recimil, e declaro estar informado/ a sobre os dereitos de acceso, rectificación e oposición, que poderei exercer no enderezo electrónico programarecimil@gmail.com.

Os datos facilitados poderán ser comunicados a organismos e administracións con competencia na materia coa única finalidade que comprende o Programa de Intervencións Socioeducativa e Comunitaria no barrio de Recimil.



DECLARACIÓN RESPONSABLE DA AUTORÍA DAS FOTOGRAFÍAS

D/D^a, con
NIF....., declaro que as fotografías son da miña autoría, polo que
non existen dereitos sobre as imaxes de terceiras persoas e por tanto asumo a
responsabilidade de calquera reclamación que poida xurdir sobre as mesmas con relación
ós dereitos de imaxe.

En Ferrol, a.....de.....de 2016

Asdo: